

CONVENCIÓN SOBRE OS DIREITOS DO NENO

A Asamblea Xeral

Lembrando as súas resolucións anteriores, en especial as resolucións 33/166 de 20 de Decembro de 1978 e 43/112 de 8 de Decembro de 1988, e as resolucións da Comisión dos Dereitos Humanos e do Consello Económico e Social relativas à cuestión da elaboración de unha convención sobre os dereitos do neno;

Tomando nota, en particular, da Resolución 1989/57 de 8 de Marzo de 1989 da Comisión dos Dereitos Humanos polo cal a Comisión decidiu transmitir o proxecto da Convención sobre os Dereitos do Neno, através do Consello Económico e Social, à Asamblea Xeral, ben como a Resolución 1989/79 de 24 de Maio de 1989 do Consello Económico e Social;

Reafirmando que os Dereitos do Neno esixen unha especial protección e melloras contínuas na situación dos nenos en todo o mundo, ben como o seu desenvolvemento e a súa evolución en condicións de paz e seguranza;

Profundamente preocupada polo feito de a situación dos nenos continuar sendo crítica en moitas partes do mundo, como resultado de condicións sociais inadecuadas, calamidades naturais, conflitos armados, explotación, analfabetismo, fame e deficiencias, e convencida de que é necesaria unha acción nacional e internacional urxente e efectiva;

Consciente do importante papel do Fondo das Nacións Unidas para os Nenos e do papel das Nacións Unidas na promoción do ben-estar dos nenos e do seu desenvolvemento;

Convencida de que unha convención internacional sobre os dereitos do neno, como unha realización das Nacións Unidas no dominio dos dereitos humanos, significaría unha contribución positiva à protección dos dereitos dos nenos e à garantía do seu ben-estar;

Consciente de que 1989 é o ano do trixésimo aniversario da Declaración sobre os Dereitos do Neno e o décimo aniversario do Ano Internacional do Neno;

1. Expresa o seu aprezo pola conclusión da elaboración do texto da Convención sobre os Dereitos do Neno pola Comisión de Dereitos Humanos;
2. Adopta e abre à asinatura, ratificación e adhesión a Convención sobre os Dereitos do Neno contida no anexo à presente Resolución;
3. Convida os Estados membros a consideraren a posibilidade de asinatura e ratificación ou adhesión à Convención como prioridade e expresa o desexo de que ela entre en vigor no mais breve trecho;

4. Solicita ao Secretario-Xeral que forneza os medios e o auxilio necesarios à difusión de informacións sobre a Convención;
5. Convida os servizos e organismos das Nacións Unidas, ben como organizacións intergubernamentais e non gubernamentais, a intensificaren os seus esforzos con vista à difusión de informacións sobre a Convención e à promoción da súa comprensión;
6. Solicita ao Secretario-Xeral que presente un relatório relativo à situación da Convención sobre os Dereitos do Neno à Asemblea Xeral na súa cuadraxésima quinta sesión;
7. Decide considerar o relatório do Secretario-Xeral na súa cuadraxésima quinta sesión sob o tema “Aplicación da Convención sobre os Dereitos do Neno”.

61ª Reunión Plenaria.

20 Novembro de 1989

ANEXO

CONVENCIÓN SOBRE OS DIREITOS DO NENO

Preámbulo

Os Estados Partes na presente Convención

Considerando que, en conformidade con os principios proclamados pola Carta das Nacións Unidas, o recoñecimento da dignidade inerente a todos os membros da familia humana e dos seus dereitos iguais e inalienábeis constitui o fundamento da liberdade, da xustiza e da paz no mundo;

Tendo presente que, na Carta, os povos das Nacións Unidas proclamaran, de novo, a súa fé nos dereitos fundamentais das persoas, na dignidade e no valor da persoa humana e que resolveran favorecer o progreso social e instaurar mellores condicións de vida nunha liberdade mais ampla;

Recoñecendo que as Nacións Unidas, na Declaración Universal dos Dereitos Humanos e nos pactos internacionais relativos aos dereitos humanos, proclamaran e acordaran que toda persoa humana pode invocar os dereitos e liberdades aquí enunciados, sen distinción algunha, nomeadamente de raza, cor, sexo, lingua, relixión, opinión política ou outra, de orixe nacional ou social, de fortuna, nacemento ou de calquer outra situación;

Recordando que, na Declaración Universal de Dereitos Humanos, a Organización das Nacións Unidas proclamou que a infancia ten dereito a unha axuda e asistencia especiais;

Convictos de que a familia, elemento natural e fundamental da sociedade e meio natural para o crecemento e ben-estar de todos os seus membros, e en particular dos nenos, debe recibir a protección e a asistencia necesarias para desempeñar plenamente o seu papel na comunidade;

Recoñecendo que o neno, para o desenvolvemento harmonioso da súa personalidade, debe crecer nun ambiente familiar, en clima de felicidade, amor e comprensión;

Considerando que importa preparar plenamente o neno para vivir unha vida individual na sociedade e ser educado no espírito dos ideais proclamados na Carta das Nacións Unidas e, en particular, nun espírito de paz, dignidade, tolerancia, liberdade e solidariedade;

Tendo presente que a necesidade de garantir unha protección especial ao neno foi enunciada pola Declaración de Xenebra de 1924 sobre os Dereitos do Neno e pola Declaración dos Dereitos do Neno adoptada polas Nacións Unidas en 1959, e foi recoñecida pola Declaración Universal dos Dereitos Humanos, polo Pacto Internacional sobre os Dereitos Cívicos e Políticos (nomeadamente nos artigos 23º e 24º), polo Pacto Internacional sobre os Dereitos Económicos, Sociais e Culturais (nomeadamente o artigo 10º) e polos estatutos e instrumentos pertinentes das axencias especializadas e organizacións internacionais que se dedican ao ben-estar do neno;

Tendo presente que, como indicado na Declaración de Dereitos do Neno, adoptada en 20 de Novembro de 1959 pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas, “o neno, por motivo da súa falta de maturidade física e intelectual, ten necesidade de unha protección e cuidados especiais, nomeadamente de protección xurídica adecuada, tanto antes como despois do nacemento”;

Recordando as disposicións da Declaración sobre os Principios Sociais e Xurídicos Aplicábeis à Protección e Ben-Estar dos Nenos, con Especial Referéncia à Adopción e Colocación Familiar nos Planos Nacional e Internacional (Resolución nº 41/85 da Asemblea Xeral, de 3 de Decembro de 1986), o Conxunto de Regras Mínimas das Nacións Unidas relativas à Administración da Xustiza para Menores (Regras de Beijing) (Resolución nº 40/33 da Asemblea Xeral, de 29 de Novembro de 1985) e a Declaración sobre Protección de Mulleres e Nenos en Situación de Emerxencia ou de Conflito Armado (Resolución nº 3318 (XXIX) da Asemblea Xeral, de 14 de Decembro de 1974;

Recoñecendo que en todos os países do mundo hai nenos que viven en condicións particularmente difíceis e que importa asegurar unha atención especial a eses nenos;

Tendo devidamente en conta a importancia das tradicións e valores culturais de cada povo para a protección e o desenvolvemento harmonioso do neno;

Recoñecendo a importancia da cooperación internacional para a melloría das condicións de vida dos nenos en todos os países, en particular nos países en desenvolvemento;

Acordan no seguinte:

PARTE I

Artigo 1.º

Nos termos da presente Convención, neno é todo ser humano menor de 18 anos, salvo se, nos termos da lei que lle for aplicábel, atinxir a maioridade mais cedo.

Artigo 2.º

1. Os Estados Parte comprometen-se a respeitar e a garantir os dereitos previstos na presente Convención a todos os nenos que se encontren suxeitos à súa xurisdición, sen discriminación algunha, independentemente de calquer consideración de raza, cor, sexo, lingua, relixión, opinión política ou outra do neno, de seus proxenitores ou representantes legais, ou da súa orixe nacional, étnica ou social, fortuna, incapacidade, nacemento ou de calquer outra situación.

2. Os Estado Parte toman todas as medidas adecuadas para que o neno sexa efectivamente protexido contra todas as formas de discriminación ou de sanción decorrentes da situación xurídica, de actividades, opinións expresas ou conviccións de seus proxenitores, representantes legais ou outros membros da súa familia.

Artigo 3.º

1. Todas as decisións relativas a nenos, adoptadas por institucións públicas ou privadas de protección social, por tribunais, autoridades administrativas ou órganos legislativos terán primordialmente en conta o interese superior do neno.

2. Os Estados Parte comprometen-se a garantir ao neno a protección e os cuidados necesarios ao seu ben-estar, tendo en conta os dereitos e deberes dos proxenitores, representantes legais ou outras persoas que o teñan legalmente ao seu cargo e, para este efecto, toman todas as medidas legislativas e administrativas adecuadas.

3. Os Estados Parte garanten que o funcionamento de institucións, servizos e establecementos que teñen nenos ao seu cargo e aseguran que a súa protección sexa conforme às normas fixadas polas autoridades competentes, nomeadamente nos domínios da seguranza e saúde, relativamente ao número e cualificación do seu persoal, así como à existencia de unha adecuada fiscalización.

Artigo 4.º

Os Estados Parte comprometen-se a tomar todas as medidas legislativas, administrativas ou outras necesarias à realización dos dereitos recoñecidos pola presente Convención. No caso de dereitos económicos, sociais e culturais, toman esas medidas no límite máximo dos seus recursos dispoñíveis e, se necesario, no cadro da cooperación internacional.

Artigo 5.º

Os Estados Parte respeitan as responsabilidades, dereitos e deberes dos proxenitores e, sendo o caso, dos membros da familia alargada ou da comunidade nos termos dos costumes locais, dos representantes legais ou de outras persoas que teñan o neno legalmente ao seu cargo, de asegurar ao neno, de forma compatíbel con o desenvolvemento das súas capacidades, a orientación e os consellos adecuados ao exercicio dos dereitos que lle son recoñecidos pola presente Convención.

Artigo 6.º

1. Os Estados Parte recoñecen ao neno o dereito inerente à vida.
2. Os Estados Parte aseguran na máxima medida posíbel a sobrevivencia e o desenvolvemento do neno.

Artigo 7.º

1. O neno é rexistado inmediatamente despois do nacemento e ten desde o nacemento o dereito a un nome, o dereito a adquirir unha nacionalidade e, sempre que for posíbel, o dereito de coñecer os seus proxenitores e de ser educado por eles.
2. Os Estados Parte garanten a realización destes dereitos de harmonía con a lexislación nacional e as obrigacións decorrentes dos instrumentos xurídicos internacionais relevantes neste dominio, nomeadamente nos casos en que, de outro modo, o neno ficase apátrida.

Artigo 8.º

1. Os Estados Parte comprométen-se a respeitar o dereito do neno e a preservar a súa identidade, incluíndo a nacionalidade, o nome e relación familiares, nos termos da lei, sen inxerencia ilegal.
2. No caso de un neno ser ilegalmente privado de todos os elementos constitutivos da súa identidade ou de algúns deles, os Estados Parte deben asegurar-lle asistencia e protección adecuadas, de forma que a súa identidade sexa restabelecida o máis rapidamente posíbel.

Artigo 9.º

1. Os Estados Parte garantirán que o neno non sexa separado de seus proxenitores contra a vontade destes, salvo se as autoridades competentes decidiren, sen prexuízo de revisión xudicial e de harmonía con a lexislación e o proceso aplicábeis, que esa separación é necesaria no interese superior do neno. Tal decisión pode mostrarse necesaria no caso de, por exemplo, os proxenitores maltrataren ou negligenciaren o neno ou no caso de os proxenitores viveren separados e unha decisión sobre o lugar da residencia do neno tiver de ser tomada.
2. En todos os casos previstos no nº 1 todas as partes interesadas deben ter a posibilidade de participar nas deliberacións e de dar a coñecer os seus puntos de vista.
3. Os Estados Parte respeitarán o dereito do neno separado de un ou de ambos os seus proxenitores de manter regularmente relacións persoais e contactos directos con ambos, salvo se tal se mostrar contrario ao interese superior do neno.
4. Cando a separación resultar de medidas tomadas por un Estado Parte, tais como a detención, prisión, exilio, expulsión ou morte (incluíndo a morte ocorrida no decurso de detención, independentemente da súa causa) de ambos os proxenitores ou de un deles, ou do neno, o Estado Parte, se tal lle for solicitado, dará aos proxenitores, ao neno ou,

sendo ese o caso, a outro membro da familia, informacións esenciais sobre o local onde se encontran o membro ou membros da familia, a menos que a divulgación de tais informacións se mostre prexudicial ao ben-estar do neno. Os Estados Parte comprometen-se, alén diso, a que a presentación de un pedido de tal natureza non determine en si mesmo consecuencias adversas para a persoa ou persoas interesadas.

Artigo 10.º

1. Nos termos da obrigaón decorrente para os Estados Parte ao abrigo do nº1 do artigo 9º, todos os pedidos formulados por un neno ou por seus proxenitores para entrar nun Estado Parte ou para o deixar, con o fin de reunificación familiar, son considerados polos Estados Parte de forma positiva, con humanidade e dilixencia. Os Estados Parte garanten, alén diso, que a presentación de tal pedido non determinará consecuencias adversas para os seus autores ou para os membros das súas familias.

2. Un neno cuxos proxenitores residen en diferentes Estados Parte ten o dereito de manter, salvo circunstancias excepcionais, relacións persoais e contactos directos regulares con ambos. Para ese efecto, e nos termos da obrigaón que decorre para os Estados Parte ao abrigo do nº 2 do artigo 9º, os Estados Parte respeitan o dereito do neno e de seus proxenitores de deixar calquer país, incluído o seu, e de regresar ao seu propio país. O dereito de deixar un país só pode ser obxecto de restricións que, estando previstas na lei, constitúan disposicións necesarias para protexer a seguranza nacional, a orde pública, a saúde ou moral públicas, ou os dereitos e liberdades de outrén, e se mostren compatíbeis con os outros dereitos recoñecidos na presente Convención.

Artigo 11.º

1. Os Estados Parte toman as medidas adecuadas para combater o desprazamento e retención ilícitos de nenos no estranxeiro.

2. Para ese efecto, os Estados Parte promoven a conclusión de acordos bilaterais ou multilaterais ou a adhesión a acordos existentes.

Artigo 12.º

1. Os Estados Parte garanten ao neno con capacidade de discernimento o dereito de expresar libremente a súa opinión sobre as cuestións que lle respeten, sendo devidamente tomadas en consideración as opinións do neno, de acordo con a súa idade e maturidade.

2. Para este fin, é asegurada ao neno a oportunidade de ser ouvido nos procesos xudiciais e administrativos que lle respeten, sexa directamente, sexa através de representante ou de organismo adecuado, segundo as modalidades previstas polas regras de proceso da lexislación nacional.

Artigo 13.º

1. O neno ten dereito à liberdade de expresión. Este dereito comprende a liberdade de procurar, recibir e difundir informacións e ideas de toda índole, sen consideracións de

fronteiras, sob forma oral, escrita, impresa ou artística ou por calquer outro meio à escolla do neno.

2. O exercicio deste dereito só pode ser obxecto de restricións previstas na lei e que sexan necesárias:

- a) ao respecto dos dereitos e da reputación de outrén;
- b) à salvaguarda da seguranza nacional, da orde pública, da saúde ou da moral públicas.

Artigo 14.º

1. Os Estados Parte respeitan o dereito do neno à liberdade de pensamento, de consciéncia e de relixión.

2. Os Estados Parte respeitan os dereitos e deberes dos proxenitores e, sendo o caso, dos representantes legais, de orientar o neno no exercicio deste dereito, de forma compatíbel con o desenvolvemento das súas capacidades.

3. A liberdade de manifestar a súa relixión ou as súas conviccións só pode ser obxecto de restricións previstas na lei e que se mostren necesárias à protección da seguranza, da orde e da saúde públicas, ou da moral e das liberdades e dereitos fundamentais de outrén.

Artigo 15.º

1. Os Estados Parte recoñecen os dereitos do neno à liberdade de asociación e à liberdade de reunión pacífica.

2. O exercicio destes dereitos só pode ser obxecto de restricións previstas na lei e que sexan necesárias, nunha sociedade democrática, no interese da seguranza nacional ou da seguranza pública, da orde pública, para protexer a saúde ou a moral públicas ou os dereitos e liberdades de outrén.

Artigo 16.º

1. Nengun neno pode ser suxeito a intromisións arbitrarias ou ilegais na súa vida privada, na súa familia, no seu domicilio ou correspondéncia, nen a ofensas ilegais à súa honra e reputación.

2. O neno ten dereito à protección da lei contra tais intromisións ou ofensas.

Artigo 17.º

Os Estado Parte recoñecen a importancia da función exercida polos órganos de comunicación social e aseguran o acceso do neno à información e a documentos

provenientes de fontes nacionais e internacionais diversas, nomeadamente aqueles que visen promover o seu ben-estar social, espiritual e moral, así como a súa saúde física e mental. Para ese efecto, os Estados Parte deben:

- a) Encoraxar os órganos de comunicación social e difundir información e documentos que revistan utilidade social e cultural para o neno e se encadren no espírito do artigo 29º;
- b) Encoraxar a cooperación internacional tendente a producir, trocar e difundir información e documentos desa natureza, provenientes de diferentes fontes culturais, nacionais e internacionais;
- c) Encoraxar a produción e a difusión de libros para nenos;
- d) Encoraxar os órganos de comunicación social a ter particularmente en conta as necesidades lingüísticas dos nenos indíxenas ou que pertencen a un grupo minoritario;
- e) Favorecer a elaboración de principios orientadores adecuados à protección do neno contra a información e documentos prexudiciais ao seu ben-estar, nos termos do disposto nos artigos 13º e 18º.

Artigo 18.º

1. Os Estados Parte dilixencian de forma a asegurar o recoñecimento do principio segundo o cal ambos os proxenitores teñen unha responsabilidade comun na educación e no desenvolvemento do neno. A responsabilidade de educar o neno e de asegurar o seu desenvolvemento cabe primordialmente aos proxenitores e, sendo caso diso, aos representantes legais. O interese superior do neno debe constituir a súa preocupación fundamental.

2. Para garantir e promover os dereitos enunciados na presente Convención, os Estados Parte aseguran unha asistencia adecuada aos proxenitores e representantes legais do neno no exercicio da responsabilidade que lles cabe de educar o neno e garanten o establecemento de institucións, instalacións e servizos de asistencia à infancia.

3. Os Estados Parte toman todas as medidas adecuadas para garantir aos nenos cuxos proxenitores traballen o dereito de beneficiar de servizos e instalacións de asistencia aos nenos para os cais reúnan as condicións requiridas.

Artigo 19.º

1. Os Estados Parte toman todas as medidas lexislativas, administrativas, sociais e educativas adecuadas à protección do neno contra todas as formas de violencia física ou mental, dano ou sevicia, abandono ou tratamento negligente; maus tratos ou explotación, incluíndo a violencia sexual, encanto se encontrar sob a guarda de seus proxenitores ou de un deles, dos representantes legais ou de calquer outra persoa a cuxa guarda teña sido confiado.

2. Tais medidas de protección deben incluír, consoante o caso, procesos eficaces para o establecemento de programas sociais destinados a asegurar o apoio necesario ao neno e a aqueles a cuxa guarda está confiado, ben como outras formas de prevención, e para

identificación, elaboración de relatório, transmisión, investigación, tratamento e acompañamento dos casos de maus tratos inflixidos ao neno, acima descritos, comprendendo igualmente, se necesario, procesos de intervención xudicial.

Artigo 20.º

1. O neno temporaria ou definitivamente privado do seu ambiente familiar ou que, no seu interese superior, non poda ser deixado en tal ambiente, ten dereito à protección e asistencia especiais do Estado.

2. Os Estados Parte aseguran a tais nenos unha protección alternativa, nos termos da súa lexislación nacional.

3. A protección alternativa pode incluír, entre outras, a forma de colocación familiar, a kafala do dereito islámico, a adopción ou, no caso de tal se mostrar necesario, a colocación en establecementos adecuados de asistencia aos nenos. Ao considerar tais solucións, importa atender devidamente à necesidade de asegurar continuidade à educación do neno, ben como à súa orixe étnica, relixiosa, cultural e lingüística.

Artigo 21.º

Os Estados Parte que recoñecen e ou permiten a adopción aseguran que o interese superior do neno será a consideración primordial neste dominio e:

- a) garanten que a adopción de un neno é autorizada unicamente polas autoridades competentes, que, nos termos da lei e do proceso aplicáveis e baseando-se en todas as informacións credíveis relativas ao caso concreto, verifican que a adopción pode ter lugar face à situación do neno relativamente a seus proxenitores, parentes e representantes legais e que, se necesario, as persoas interesadas deran en consciéncia o seu consentimento à adopción, após se teren socorrido de todos os pareceres xulgados necesarios;
- b) recoñecen que a adopción internacional pode ser considerada como unha forma alternativa de protección do neno se este non puder ser obxecto de unha medida de colocación nunha familia de acollimento ou adoptiva, ou se non puder ser convenientemente educado no seu país de orixe;
- c) garanten ao neno suxeito de adopción internacional o gozo das garantías e normas equivalentes às aplicáveis en caso de adopción nacional;
- d) toman todas as medidas adecuadas para garantir que, en caso de adopción internacional, a colocación do neno se non traduza nun beneficio material indevido para os que nela estexan involucrados;
- e) promoven os obxectivos deste artigo pola conclusión de acordos ou tratados bilaterais ou multilaterais, consoante o caso, e neste dominio procuran asegurar que as colocación de nenos no estranxeiro sexan efectuadas por autoridades ou organismos competentes.

Artigo 22.º

1. Os Estados Parte toman as medidas necesarias para que o neno que requiera o estatuto de refuxiado ou que sexa considerado refuxiado, de harmonia con as normas e procesos de dereito internacional ou nacional aplicáveis, quer se encontre só, quer acompañado de seus proxenitores ou de calquer outra persoa, beneficie de adecuada protección e asistencia humanitaria, de forma a permitir o gozo dos dereitos recoñecidos pola presente Convención e outros instrumentos internacionais relativos aos dereitos humanos ou de carácter humanitario, de que os referidos Estados sexan Parte.

2. Para ese efecto, os Estados Parte cooperan, nos termos considerados adecuados, nos esforzos desenvolvidos pola Organización das Nacións Unidas e por outras organizacións intergubernamentais ou non gubernamentais competentes que colaboren con a Organización das Nacións Unidas na protección e asistencia de nenos que se encontren en tal situación, e na procura dos proxenitores ou de outros membros da familia do neno refuxiado, de forma a obter as informacións necesarias à reunificación familiar. No caso de non teren sido encontrados os proxenitores ou outros membros da familia, o neno debe beneficiar, à luz dos principios enunciados na presente Convención, da protección asegurada a todo neno que, por calquer motivo, se encontre privado temporaria ou definitivamente do seu ambiente familiar.

Artigo 23.º

1. Os Estados Parte recoñecen o neno mental e fisicamente deficiente o dereito a unha vida plena e decente en condicións que garantan a súa dignidade, favorezan a súa autonomía e faciliten a súa participación activa na vida da comunidade.

2. Os Estados Parte recoñecen ao neno deficiente o dereito de beneficiar de cuidados especiais e encoraxan e aseguran, na medida dos recursos dispoñíbeis, a prestación ao neno que reúna as condicións requiridas e a aqueles que o teñan ao seu cargo unha asistencia correspondente ao pedido formulado e adaptado ao estado do neno e à situación dos proxenitores ou daqueles que o tiveren ao seu cargo.

3. Atendendo às necesidades particulares do neno deficiente, a asistencia fornecida nos termos do apartado nº 2 será gratuita sempre que tal sexa posíbel, atendendo aos recursos financeiros dos proxenitores ou daqueles que tiveren o neno ao seu cargo, e é concebida de maneira a que o neno deficiente teña efectivo acceso à educación, à formación, aos cuidados de saúde, à rehabilitación, à preparación para o emprego e a actividades recreativas, e beneficie deses servizos de forma a asegurar unha integración social tan completa canto posíbel e o desenvolvemento persoal, incluíndo nos domínios cultural e espiritual.

4. Nun espírito de cooperación internacional, os Estados Parte promoven a troca de informacións pertinentes no dominio dos cuidados preventivos de saúde e do tratamento médico, psicolóxico e funcional dos nenos deficientes, incluíndo a difusión de informacións respeitantes aos métodos de rehabilitación e aos servizos de formación profesional, ben como o acceso a eses datos, con vista a permitir que os Estados Parte melloren as súas capacidades e cualificacións e alarguen a súa experiencia neses dominios. A este respecto atenderá-se de forma particular às necesidades dos países en desenvolvemento.

Artigo 24.º

1. Os Estados Parte recoñecen ao neno o dereito a gozar do mellor estado de saúde posíbel e a beneficiar de servizos médicos e de reeducación. Os Estados Parte velan pola garantía de que ningún neno sexa privado do dereito de acceso a tais servizos de saúde.

2. Os Estados Parte proseguen a realización integral deste dereito e, nomeadamente, toman medidas adecuadas para:

- a) facer baixar a mortalidade entre os nenos de entra idade e a mortalidade infantil;
- b) asegurar a asistencia médica e os cuidados de saúde necesarios a todos os nenos, enfatizando o desenvolvemento dos cuidados de saúde primarios;
- c) combater a doenza e a má nutrición, no cadro dos cuidados de saúde primarios, grazas nomeadamente à utilización de técnicas facilmente dispoñíbeis e ao fornecimento de alimentos nutritivos e de auga potable, tendo en consideración os perigos e riscos da polución do ambiente;
- d) asegurar às mais os cuidados de saúde, antes e despois do nacemento;
- e) asegurar que todos os grupos da poboación, nomeadamente os proxenitores e os nenos, sexan informados, teñan acceso e sexan apoiados na utilización de coñecimentos básicos sobre a saúde e a nutrición do neno, as vantaxes do aleitamento materno, a hixiene e a salubridade do ambiente, ben como a prevención de accidentes;
- f) desenvolver os cuidados preventivos de saúde, os consellos aos proxenitores e a educación sobre planeamento familiar e os servizos respectivos.

3. Os Estados Parte toman todas as medidas eficaces e adecuadas con vista a abolir as prácticas tradicionais prexudiciais à saúde dos nenos.

4. Os Estados Parte comprometen-se a promover e a encoraxar a cooperación internacional, de forma a garantir progresivamente a plena realización do dereito recoñecido no presente artigo. A este respecto atenderá-se de forma particular às necesidades dos países en desenvolvemento.

.

Artigo 25.º

Os Estados Parte ao neno que foi obxecto de unha medida de colocación nun establecemento polas autoridades competentes, para fins de asistencia, protección ou tratamento físico ou mental, o dereito à revisión periódica do tratamento a que foi sometido e de calquer outra circunstancia ligada à súa colocación.

Artigo 26

1. Os Estados Parte recoñecen ao neno o dereito de beneficiar da seguraza social e toman todas as medidas necesarias para asegurar a plena realización deste dereito, nos termos da súa lexislación nacional.

2. As prestacións, se a elas houber lugar, deben ser atribuídas tendo en conta os recursos e a situación do neno e das persoas responsáveis pola súa manutención, así como calquer outra consideración relativa ao pedido de prestación feito polo neno ou no se nome.

Artigo 27º

1. Os Estados Parte recoñecen ao neno o dereito a un nivel de vida suficiente, de forma a permitir o seu desenvolvemento físico, mental, espiritual, moral e social.

2. Cabe primordialmente aos proxenitores e às persoas que teñen o neno ao seu cargo a responsabilidade de asegurar, dentro das súas posibilidades e disponibilidades económicas, as condicións de vida necesarias ao desenvolvemento do neno.

3. Os Estados Parte, tendo en conta as condicións nacionais e na medida dos seus medios, toman as medidas adecuadas para axudar os proxenitores e outras persoas que teñan o neno ao seu cargo a realizar este dereito e aseguran, en caso de necesidade, auxilio material e programas de apoio, nomeadamente no que respecta à alimentación, vestuário e aloxamento.

4. Os Estados Parte toman todas as medidas adecuadas tendentes a asegurar a cobranza da pensión alimentar devida ao neno, de seus proxenitores ou de outras persoas que teñan o neno economicamente ao seu cargo, tanto no seu territorio canto no estranxeiro. Nomeadamente, cando a persoa que ten o neno economicamente ao seu cargo vive nun estado diferente do do neno, os Estados Parte deben promover a adhesión a acordos internacionais e a conclusión de tais acordos, así como a adopción de caisquer outras medidas xulgadas adecuadas.

Artigo 28º

1. Os Estados Parte recoñecen o dereito do neno à educación e tendo, nomeadamente, en vista asegurar progresivamente o exercicio dese dereito na base da igualdade de oportunidades:

- a) tornan o ensino primário obrigatório e gratuito para todos;
- b) encoraxan a organización de diferentes sistemas de ensino secundário, xeral e profesional, tornan estes públicos e acesíveis a todos os nenos e toman medidas adecuadas, tais como a introdución da gratuidade do ensino e a oferta de auxilio financeiro en caso de necesidade;
- c) tornan o ensino superior acesível a todos, en función das capacidades de cada un, por todos os medios adecuados;
- d) tornan a información e a orientación escolar e profesional públicas e acesíveis a todos os nenos;

- e) toman medidas para encoraxar a asistencia escolar regular e a redución das taxas de abandono escolar.

2. Os Estados Parte toman as medidas adecuadas para velar por que a disciplina escolar sexa asegurada de forma compatíbel con a dignidade humana do neno e nos termos da presente Convención.

3. Os Estados Parte promoven e encoraxan a cooperación internacional no dominio da educación, nomeadamente de forma a contribuir para a eliminación da ignorancia e do analfabetismo no mundo e a facilitar o acceso aos coñecimentos científicos e técnicos e aos modernos métodos de ensino. A este respecto atenderá-se de forma particular às necesidades dos países en desenvolvemento.

Artigo 29º

1. Os Estados Parte acordan en que a educación do neno debe destinar-se a:

- f) promover o desenvolvemento da personalidade do neno, dos seus dons e aptitudes mentais e físicas na medida das súas potencialidades;
- g) inculcar no neno o respecto polos dereitos humanos e liberdades fundamentais e polos principios consagrados na Carta das Nacións Unidas;
- h) inculcar no neno o respecto polos proxenitores, pola súa identidade cultural, lingua e valores, polos valores nacionais do país en que vive, do país de orixe e polas civilizacións diferentes da súa;
- i) preparar o neno para asumir as responsabilidades da vida nunha sociedade libre, nun espírito de comprensión, paz, tolerancia, igualdade entre os sexos e de amizade entre todos os povos, grupos étnicos, nacionais e relixiosos e con persoas de orixe indíxena;
- j) promover o respecto do neno polo medio ambiente.

2. Nengunha disposición deste artigo ou do artigo 28º pode ser interpretada de forma a ofender a liberdade dos individuos ou das persoas colectivas de criar e dirixir establecementos de ensino, desde que sexan respectados os principios enunciados no nº 1 do presente artigo e que a educación ministrada neses establecementos sexa conforme às regras mínimas prescritas polo Estado.

Artigo 30º

Nos Estados en que existan minorías étnicas, relixiosas ou lingüísticas ou persoas de orixe indíxena, nengun neno indíxena ou que pertenza a unha desas minorías poderá ser privado do dereito de, conxuntamente con membros do seu grupo, ter a súa propia vida cultural, profesar e practicar a súa propia relixión ou utilizar a súa propia lingua.

Artigo 31º

1. Os Estados Parte recoñecen ao neno o dereito ao repouso e aos tempos libres, o dereito de participar en xogos e actividades recreativas propias da súa idade e de participar libremente na vida cultural e artística.

2. Os Estados Partes respetam e promovem o dereito do neno de participar plenamente na vida cultural e artística e encoraxan a organización, no seu beneficio, de formas adecuadas de tempos libres e de actividades recreativas, artísticas e culturais, en condicións de igualdade.

Artigo 32º

1. Os Estados Parte recoñecen ao neno o dereito de ser protexido contra a explotación económica ou a suxeición a traballos perigosos ou capaces de comprometer a súa educación, prexudicar a súa saúde ou o seu desenvolvemento físico, mental, espiritual, moral ou social.

2. Os Estados Parte toman medidas legislativas, administrativas, sociais e educativas para asegurar a aplicación deste artigo. Para ese efecto, e tendo en conta as disposicións relevantes de outros instrumentos xurídicos internacionais, os Estados Parte deben nomeadamente:

- a) fixar unha idade mínima ou idades mínimas para a admisión a un emprego;
- b) adoptar regulamentos propios relativos à duración e às condicións de traballo; e
- c) prever penas ou outras sancións adecuadas para asegurar unha efectiva aplicación deste artigo.

Artigo 33º

Os Estados Parte adoptan todas as medidas adecuadas, incluíndo medidas legislativas, administrativas, sociais e educativas para protexer os nenos contra o consumo ilícito de estupefacientes e de substancias psicotrópicas, tais como definidos nas convencións internacionais aplicábeis, e para prevenir a utilización de nenos na produción e no tráfico ilícitos de tais substancias.

Artigo 34º

Os Estados Parte comprometen-se a protexer o neno contra todas as formas de explotación e de violencia sexuais. Para ese efecto, os Estados Parte deben, nomeadamente, tomar todas as medidas adecuadas, nos planos nacional, bilateral e multilateral para impedir:

- a) que o neno sexa incitado ou coaxido a dedicar-se a unha actividade sexual ilícita;

- b) que o neno sexa explotado para fins de prostitución ou de outras prácticas sexuais ilícitas;
- c) que o neno sexa explotado na produción de espectáculos ou de material de natureza pornográfica.

Artigo 35º

Os Estados Parte toman todas as medidas adecuadas, nos planos nacional, bilateral e multilateral, para impedir o rapto, a venda ou o tráfico de nenos, independentemente do seu fin ou forma.

Artigo 36º

Os Estados Parte protexen o neno contra todas as formas de explotación prexudiciais a calquer aspecto do seu ben-estar.

Artigo 37º

Os Estados Parte garanten que:

- a) nengun neno será submetido à tortura ou a penas ou tratamentos cruéis, desumanos ou degradantes. A pena de morte e a prisión perpétua sen posibilidade de liberación non serán impostas por infraccións cometidas por persoas con menos de 18 anos;
- b) nengun neno será privado de liberdade de forma ilegal ou arbitraria: a captura, detención ou prisión de un neno deben ser conformes à lei, serán utilizadas unicamente como medida de último recurso e terán a duración mais breve posíbel;
- c) o neno privado de liberdade deve ser tratado con a humanidade e o respeito devidos à dignidade da persoa humana e de forma consentánea con as necesidades das persoas da súa idade. Nomeadamente, o neno privado de liberdade deve ser separado dos adultos, a menos que, no superior interese do neno, tal non pareza aconsellábel, e ten o dereito de manter contacto con a súa familia através de correspondencia e visitas, salvo en circunstancias excepcionais;
- d) o neno privado de liberdade ten o dereito de acceder rapidamente à asistencia xurídica ou a outra asistencia adecuada e o dereito de impugnar a legalidade da súa privación de liberdade perante un tribunal ou outra autoridade competente, independente e imparcial, ben como o dereito a unha rápida decisión sobre tal materia.

Artigo 38º

1. Os Estados Parte comprometen-se a respeitar e a facer respeitar as normas de dereito humanitario internacional que lles sexan aplicáveis en caso de conflito armado e que se mostren relevantes para o neno.

2. Os Estados Parte deben tomar todas as medidas posíveis na práctica para garantir que nengun neno con menos de 15 anos participe directamente nas hostilidades.

3. Os Estados Parte deben abster-se de incorporar nas forzas armadas as persoas que non teñan a idade de 15 anos. No caso de incorporación de persoas de idade superior a 15 anos e inferior a 18 anos, os Estados Parte deben incorporar prioritariamente os mais vellos.

4. Nos termos das obrigacións contraídas à luz do dereito internacional humanitário para a protección da poboación civil en caso de conflito armado, os Estados Parte na presente Convención deben tomar todas as medidas posíveis na práctica para asegurar protección e asistencia aos nenos afectados por un conflito armado.

Artigo 39º

Os Estados Parte toman todas as medidas adecuadas para promover a recuperación física e psicolóxica e a reinserción social do neno vítima de calquer forma de negligencia, explotación ou sevicias, de tortura ou calquer outra pena ou tratamentos cruéis, desumanos ou degradantes ou de conflito armado. Esas recuperación e reinserción deben ter lugar nun ambiente que favoreza a saúde, o respecto por si propio e a dignidade do neno.

Artigo 40º

1. Os Estados Parte recoñecen ao neno sospeito, acusado ou que se recoñeceu ter infrinxido a lei penal o dereito a un tratamento capaz de favorecer o seu sentido de dignidade e valor, reforzar o seu respecto polos dereitos humanos e as liberdades fundamentais de terceiros e que teña en conta a súa idade e a necesidade de facilitar a súa reintegración social e o asumir de un papel construtivo no seo da sociedade.

2. Para ese efecto, e atendendo às disposicións pertinentes dos instrumentos xurídicos internacionais, os Estados Parte garanten, nomeadamente que:

- a) nengun neno sexa sospeito, acusado ou recoñecido como tendo infrinxido a lei penal por accións ou omisións que, no momento da súa práctica, non eran prohibidas polo dereito nacional ou internacional;
- b) o neno sospeito ou acusado de ter infrinxido a lei penal teña, no mínimo, dereito às garantías seguintes:
 - i) Presumir-se inocente até que a súa culpabilidade teña sido legalmente establecida;
 - ii) A ser informada pronta e directamente das acusacións formuladas contra si ou, se necesario, através de seus proxenitores ou representantes legais, e beneficiar de asistencia xurídica ou de outra asistencia adecuada para a preparación e presentación da súa defensa;
 - iii) A súa causa ser examinada sen demora por unha autoridade competente, independente e imparcial ou por un tribunal, de forma equitativa nos

termos da lei, na presenza do seu defensor ou de outrén asegurando asistencia adecuada e, a menos que tal se mostre contrario ao interese superior do neno, nomeadamente atendendo à súa idade ou situación, na presenza de seus proxenitores ou representantes legais;

- iv) A non ser obrigado a testemuñar ou a confesar-se culpado; a interrogar ou facer interrogar as testemuñas de acusación e a obter a comparecencia e o interrogatorio das testemuñas de defensa en condicións de igualdade;
- v) No caso de se considerar que infrinxiu a lei penal, a recorrer desa decisión e das medidas impostas en secuencia desta para unha autoridade superior, competente, independente e imparcial, ou unha autoridade xudicial, nos termos da lei;
- vi) A facer-se asistir gratuitamente por un intérprete, se non comprender ou falar a lingua utilizada;
- vii) A ver plenamente respetada a súa vida privada en todos os momentos do proceso.

3. Os Estados Parte procuran promover o establecemento de leis, procesos, autoridades e institucións especificamente adecuadas a nenos sospeitos, acusados ou recoñecidos como tendo infrinxido a lei penal, e, nomeadamente:

- a) O establecemento de unha idade mínima abaixo da cal se presume que os nenos non teñen capacidade para infrinxir a lei penal;
- b) Cando tal se mostre posíbel e desexábel, a adopción de medidas relativas a eses nenos sen recurso ao proceso xudicial, asegurando-se o pleno respecto dos dereitos humanos e das garantías previstas pola lei.

4. Un conxunto de disposicións relativas, nomeadamente, à asistencia, orientación e controlo, consellos, rexime de prova, colocación familiar, programas de educación xeral e profesional, ben como outras solucións alternativas às institucionais, serán previstas de forma a asegurar aos nenos un tratamento adecuado ao seu ben-estar e proporcionado à súa situación e à infracción.

Artigo 41º

Nengunha disposición da presente Convención afecta as disposicións mais favoráveis à realización dos dereitos do neno que podan figurar:

- a) na lexislación de un Estado Parte;
 - b) no dereito internacional en vigor para ese Estado.
-
- a) Na lexislación de un Estado Parte;
 - b) No dereito internacional en vigor para ese Estado.

PARTE II

Artigo 42.º

Os Estados Parte comprometen-se a tornar amplamente coñecidos, por medios activos e adecuados, os principios e as disposicións da presente Convención, tanto polos adultos como polos nenos.

Artigo 43.º

1. Con o fin de examinar os progresos realizados polos Estados Parte no cumprimento das obrigacións que lles caben nos termos da presente Convención, é constituído un Comité dos Dereitos do Neno, que desempeña as funcións seguidamente definidas.

2. O Comité é composto de 10 peritos de alta autoridade moral e de recoñecida competencia no dominio abranxido pola presente Convención. Os membros do Comité son eleitos polos Estados Parte de entre os seus nacionais e exercen as súas funcións a título persoal, tendo en consideración a necesidade de asegurar unha repartición xeográfica equitativa e atendendo aos principios e sistemas xurídicos.

3. Os membros do Comité son eleitos por escrutinio secreto de entre unha lista de candidatos designados polos Estados Parte. Cada Estado Parte pode designar un perito de entre os seus nacionais.

4. A primeira elección ten lugar nos seis meses seguintes à data de entrada en vigor da presente Convención e, despois diso, cada dous anos. Polo menos catro meses antes da data de cada elección, o Secretario-Xeral da Organización das Nacións Unidas convida, por escrito, os Estados Parte a propoñer os seus candidatos nun prazo de dous meses. O Secretario-Xeral elabora, a seguir, a lista alfabética dos candidatos así presentados, indicando por que Estado foran designados, e comunica-a aos Estados Parte na presente Convención.

5. As eleccións realízanse nas reunións dos Estados Parte convocadas polo Secretario-Xeral para a sede da Organización das Nacións Unidas. Nestas reunións, en que o quorum é constituído por dous terzos dos Estados Parte, son eleitos para o Comité os candidatos que obtiveren o maior número de votos e a maioría absoluta dos votos dos representantes dos Estados Parte presentes e votantes.

6. Os membros do Comité son eleitos por un período de catro anos. Son reelegíbeis no caso de recandidatura. O mandato de cinco dos membros eleitos na primeira elección termina ao fin de dous anos.

7. En caso de morte ou de dimisión de un membro do Comité ou se, por calquera outra razón, un membro declarar que non pode continuar a exercer funcións no seo do Comité, o Estado Parte que propuxera a súa candidatura designa outro perito, de entre os seus nacionais, para preencher a vaga até ao termo do mandato, suxeito a aprobación do Comité.

8. O Comité adopta o seu regulamento interno.

9. O Comité elixe o seu secretariado por un período de dous anos.

10. As reunións do Comité teñen habitualmente lugar na sede da Organización das Nacións Unidas ou en calquer outro lugar xulgado conveniente e determinado polo Comité. O Comité reúne en regra anualmente. A duración das sesións do Comité é determinada, e se necesario revista, por unha reunión dos Estados Parte na presente Convención, suxeita à aprobación da Asemblea Xeral.

11. O Secretario-Xeral da Organización das Nacións Unidas pon à disposición do Comité o persoal e as instalacións necesarias para o desempeño eficaz das funcións que lle son confiadas ao abrigo da presente Convención.

12. Os membros do Comité constituído pola presente Convención reciben, con a aprobación da Asemblea Xeral, emolumentos provenientes dos recursos financeiros das Nacións Unidas, segundo as condicións e modalidades fixadas pola Asemblea Xeral.

Artigo 44.º

1. Os Estados Parte comprometen-se a presentar ao Comité, através do Secretario-Xeral da Organización das Nacións Unidas, relatórios sobre as medidas que tiveren adoptado para dar aplicación aos dereitos recoñecidos pola Convención e sobre os progresos realizados no gozo deses dereitos:

a) nos dous anos subsecuentes à data da entrada en vigor da presente Convención para os Estados Parte, e

b) a partir daí, de cinco en cinco anos.

2. Os relatórios apresentados en aplicación do presente artigo deben indicar os factores e as dificultades, se a elas houber lugar, que impidan o cumprimento, polos Estados Parte, das obrigacións decorrentes da presente Convención. Deben igualmente conter informacións suficientes para dar ao Comité unha idea precisa da aplicación da Convención no referido país.

3. Os Estados Parte que teñan presentado ao Comité un relatório inicial completo non necesitan repetir, nos relatórios subsecuentes, submetidos nos termos do nº 1, alínea b), as informacións de base anteriormente comunicadas.

4. O Comité pode solicitar aos Estados Parte informacións complementares relevantes para a aplicación da Convención.

5. O Comité submete de dous en dous anos à Asemblea Xeral, através do Consello Económico e Social, un relatório das suas actividades.

6. Os Estados Parte aseguran aos seus relatórios unha ampla difusión nos seus propios países.

Artigo 45.º

De forma a promover a aplicación efectiva da Convención e a encoraxar a cooperación internacional no dominio coberto pola Convención:

- a) As axencias especializadas, a UNICEF e outros órganos das Nacións Unidas poden facer-se representar cando for apreciada a aplicación de disposicións da presente Convención que se inscrevan no seu mandato. O Comité pode convidar as axencias especializadas, a UNICEF e outros organismos competentes considerados relevantes a fornecer o seu parecer técnico sobre a aplicación da convención no ámbito dos seus respectivos mandatos. O Comité pode convidar as axencias especializadas, a UNICEF e outros órganos das Nacións Unidas a presentar relatórios sobre a aplicación da Convención nas áreas relativas aos seus dominios de actividade;
- b) O Comité transmite, se o xulgar necesario, às axencias especializadas, à UNICEF e a outros organismos competentes os relatórios dos Estados Parte que conteñan pedidos ou indiquen necesidades de consello ou de asistencia técnicos, acompañados de eventuais observacións e suxestións do Comité relativos a aqueles pedidos ou indicacións;
- c) O Comité pode recomendar à Asemblea Xeral que solicite ao Secretario-Xeral a realización, para o Comité, de estudos sobre cuestións específicas relativas aos dereitos do neno;
- d) O Comité pode facer suxestións e recomendacións de orde xeral con base nas informacións recibidas en aplicación dos artigos 44º e 45º da presente Convención. Esas suxestións e recomendacións de orde xeral son transmitidas aos Estados interesados e levadas ao coñecemento da Asemblea Xeral, acompañadas, se necesario, dos comentários dos Estados Parte.

PARTE III

Artigo 46.º

A presente Convención está aberta à asinatura de todos os Estados.

Artigo 47.º

A presente Convención está suxeita a ratificación. Os instrumentos de ratificación serán depositados xunto do Secretario-Xeral da Organización das Nacións Unidas.

Artigo 48.º

A presente Convención está aberta a adhesión de todos os Estados. A adhesión fará-se polo depósito de un instrumento de adhesión xunto do Secretario-Xeral da Organización das Nacións Unidas.

Artigo 49.º

1. A presente Convención entrará en vigor no 30º día após a data do depósito xunto do Secretario-Xeral da Organización das Nacións Unidas do 20º instrumento de ratificación ou de adhesión.

2. Para cada un dos Estados que ratificaren a presente Convención ou a ela aderiren após o depósito do 20º instrumento de ratificación ou de adhesión, a Convención entrará en vigor no 30º día após a data do depósito, por parte dese Estado, do seu instrumento de ratificación ou de adhesión.

Artigo 50.º

1. Calquer Estado Parte pode propor unha emenda e depositar o seu texto xunto do Secretario-Xeral da Organización das Nacións Unidas. O Secretario-Xeral transmite, en seguida, a proposta de emenda aos Estados Parte na presente Convención, solicitando que lle sexa comunicado se son favorábeis à convocatória de unha conferencia de Estados Parte para apreciación e votación da proposta. Se, nos catro meses subsecuentes a esa comunicación, polo menos un terzo dos Estados Parte se declarar a favor da realización da referida conferencia, o Secretario-Xeral, convocará-a sob os auspicios da Organización das Nacións Unidas. As emendas adoptadas pola maioría dos Estados Parte presentes e votantes na conferencia son submetidas à Asemblea Xeral das Nacións Unidas para aprobación.

2. As emendas adoptadas nos termos do disposto no nº1 do presente artigo entran en vigor cando aprobadas pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas e aceptadas por unha maioría de dous terzos dos Estados Parte.

3. Cando unha emenda entrar en vigor, terá forza vinculativa para os Estados que a aceptaren, ficando os outros Estados Parte ligados polas disposicións da presente Convención e por todas as emendas anteriores que teñan aceptado.

Artigo 51.º

1. O Secretario-Xeral da Organización das Nacións Unidas recibe e comunica a todos os Estados o texto das reservas que foren feitas polos Estados no momento da ratificación ou da adhesión.

2. Non é autorizada nengunha reserva incompatible con o obxecto e con o fin da presente Convención.

3. As reservas poden ser retiradas en calquer momento por via de notificación dirixida ao Secretario-Xeral da Organización das Nacións Unidas, o cal informará todos os Estados Parte na Convención. A notificación produz efectos na data da súa recepción polo Secretario-Xeral.

Artigo 52.º

Un Estado Parte pode denunciar a presente Convención por notificación escrita dirixida ao Secretario-Xeral da Organización das Nacións Unidas. A denuncia produz efectos un ano após a data de recepción da notificación polo Secretario-Xeral.

Artigo 53.º

O Secretario-Xeral da Organización das Nacións Unidas é designado como depositario da presente Convención.

Artigo 54.º

A presente Convención, cuxos textos en inglés, árabe, chinés, español, francés e ruso fan igualmente fé, será depositada xunto do Secretario-Xeral da Organización das Nacións Unidas.

En fé do que os plenipotenciarios abaixo asinados, devidamente habilitados polos seus gobernos respectivos, asinaron a Convención.